

 Seminario Galán.org



Antonio Fraguas Fraguas



6º de Ed. Primaria
Día das letras galegas 2019

ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS

5º e 6º de Educación Primaria



Antonio Fraguas Fraguas naceu no lugar de Insuela, no concello de Cotobade, en Pontevedra, o 28 de decembro de 1905.

Os estudos primarios realizounos nun par de escolas do seu concello seguindo o bacharelato en Pontevedra e posteriormente os estudos de Filosofía e Letras na universidade de Santiago.

Durante a súa estancia en Pontevedra fundou a Sociedade da Lingua, dedicada á defensa do idioma galego e á confección dun dicionario.

En 1923 fundouse o Seminario de Estudos Galegos co obxectivo de defender a cultura galega e nel vaise integrar Antonio despois da súa chegada a Santiago, no ano 1928.

Foi profesor na universidade e catedrático de instituto na Estrada, Lugo e Santiago.


A súa vida estivo dedicada completamente ao estudo dos costumes, das festas, da xeografía, do folclore e de todas as manifestacións populares de Galicia escribindo unha chea de libros e artigos para revistas e xornais sobre estes temas.

Ingresou, en 1956, na Real Academia, ocupando a cadeira que deixara vacante Alfonso R. Castelao.

Cando se inaugurou o Museo do Pobo Galego, no ano 1977, foi nomeado director e durante o seu mandato restaurouse o Mosteiro de San Domingos de Bonaval. Este ano, a Real Academia Galega dedícalle, polo seu labor en defensa da nosa cultura, o Día das Letras.



ANTONIO FRAGUAS FOI NOMEADO CRONISTA OFICIAL DE GALICIA EN 1992.



TODA A OBRA DE ANTONIO FRAGUAS ESTIVO DIRIXIDA A DAR A COÑECER AS FESTAS, COSTUMES E TRADICIÓN GALEGAS.

ACTIVIDADES

1.- Completa a táboa coa información do texto.


	INFANCIA	XUVENTUDE E ADULTEZ
LOCALIDADE		
CONCELLO		
PROVINCIA		
ESTUDOS CURSADOS		
TRABALLOS DESEMPEÑADOS		
OUTRAS ACTIVIDADES		

2.- Relaciona.

NOME DOS PAIS	■
LUGAR DE NACEMENTO	■
ANO 1956	■
PROFESOR DE INSTITUTO	■
MUSEO DO POBO GALEGO	■

SANTIAGO
A ESTRADA, LUGO e SANTIAGO
MANUEL TERESA
INGRESO NA REAL ACADEMIA GALEGA
INSUELA

3.- Que batifondo! Poderías axudarnos a organizar os acontecementos da vida de Antonio Fraguas? Colorea da mesma cor as parellas.



4.- A liña do tempo da biografía de Antonio Fraguas ten algún erro... Axúdanos a atopalos e correxilos. Risca os erros que aparecen nos recadros e escríbeos correctamente na parte inferior.


LUGAR DE NACEMENTO	ESTUDOS PRIMARIOS	ESTUDOS BACHARELATO	SOCIEDADE DA LINGUA	ESTUDOS FILOSOFÍA	SEMINARIO ESTUDOS GALEGOS	DÍA DAS LETRAS GALEGAS
1905	1911	1919	1923	1924	1928	2019
GONDOMAR (PONTEVEDRA)	ARTEIXO (A CORUÑA)	SANTIAGO DE COMPOSTELA	GUITIRIZ (LUGO)	A CORUÑA	CARBALLO (A CORUÑA)	ORDES (A CORUÑA)

5.- Antonio Fraguas realizou estudos de Filosofía e Letras na Universidade de Santiago e exerceu de profesor. A ti que che gustaría ser? Utiliza o esquema para organizar as túas ideas e redacta un texto.



ENCrucILLADO

6.- Resolve o encrucillado relacionado coa biografía de Antonio Fraguas.



VERTICAIS

A.- Comunidade Autónoma que estudou, principalmente, Antonio Fraguas.

B.- Cidade na que estudou o bacharelato.

HORIZONTAIS

1.- Cidade amurallada na que estivo de profesor de instituto.

2.- Lugar onde naceu, no concello de Cotobade.

3.- Foi director do Museo do Pobo Galego, en San Domingos de...

4.- Localidade que foi o seu primeiro destino como profesor de instituto.

5.- Nome do concello pontevedrés no que naceu.

VERTICAIS : A.- GALICIA B.- PONTEVEDRA
HORIZONTAIS : 1.- LUGO 2.- INSUELA 3.- BONAVAL 4.- A-ESTRADA 5.- COTOBAD

**TEXTOS ANTONIO FRAGUAS
LETRAS GALEGAS 2019**

**ACTIVIDADES
6º EDUCACIÓN PRIMARIA**

○ BOTAFUMEIRO

ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS


É de latón prateado, obra do prateiro Xosé Losada, e na actualidade, en recordo das noticias que existen de botafumeiros de prata, regalaron un de tan nobre metal á Irmandade de Alféreces Provisionais.

O corrente pesa ao pé de oitenta quilos e ten 1,60 metros de alto. Funciona nas grandes solemnidades e en todas as peregrinacións, e, por deferencia especial do Cabildo, para obsequio dalgún personaxe ilustre. Para funcionar báixase a maroma e amárrase de boa maneira o incensario. A maroma pasa por un sistema de poleas colocadas entre os arcos torais e construído todo o sistema, segundo proxecto de Celma, nas Ferrerías de Biscaia e traídas con moitas precaucións por temor a que os barcos inimigos botasen ao fondo do mar os soportes construídos para o incensario.

Amarrando a maroma, colócanse os oito homes, ás veces algún menos con cadansúa corda anuada que están amarradas ao outro cabo da maroma.

...

En 1499 presenciaba a función dona Catalina que ía para Inglaterra para contraer matrimonio co príncipe de Gales. A igrexa estaba chea de xente e funcionaba o botafumeiro «pendurado dunhas cordas de ferro ben grosas, e traéndoo desde o alto con certo artificio estaba cheo de brasas, e nel botando incenso e outros olores, e así andaba que case chegaba dunha porta do cruceiro á outra; e andando así quebráronselle as cadeas en que andaba pendurado, e se como tiraran unha bombardas saíu sen derramar unha soa ascua pola porta da igrexa, onde se fixo anacos, e verteu todo o lume que nel estaba sen facer mal a ningunha persoa».



ACTIVIDADES

1.- Completa a información sobre o botafumeiro.

É de... _____

Fabricouno o ourive...


Mide... _____

Para que funcione, é necesario amarrar unha maroma...

O BOTAFUMEIRO

Pesa... _____

Utilízase nas...



2.- Le as respostas e escribe as preguntas.

- Cando _____ ?
- No ano 1499.

- Onde _____ ?
- En Inglaterra.


- Quen _____ ?
- Dona Catalina.

- Que _____ ?
- O botafumeiro.

- Como _____ ?
- Feito anacos.

3.- Escribe outro final para a última escena do segundo parágrafo.
«...e andando así quebráronse as cadeas en que andaba pendurado, e como se tiraran unha bombarda saíu...»


4.- Para traer o botafumeiro alugaron un barco que lles custou 2325,63 maravedíes. Os seis homes que axudaron cobraron cada un 20,90 maravedíes. A carruaxe que utilizaron custou 439,63 maravedíes. Cal foi o gasto total do transporte do botafumeiro?



5.- Relaciona cada obxecto co lugar que lle corresponde.

CATEDRAL	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	POSTOS
FERRERÍA	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	ROBALIZAS
PERRUQUERÍA	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	SACHO
GRANXA	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	BOTAFUMEIRO
ESCOLA	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	PEITE
MERCADO	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	TIXOLA
PEIXERÍA	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	XIZ
COCIÑA	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	BIGORNIA

ENCrucILLADO



HORIZONTAIS

- 1.- Homes que moven o botafumeiro.
- 2.- Corda moi grosa, xeralmente de cárbalo ou esparto.
- 3.- Primeira muller embaixadora na historia europea.
- 4.- Nación británica con capital en Cardiff.
- 5.- Metal das cordas que sostiñan o botafumeiro en 1499.
- 6.- O que verteu o botafumeiro cando se esnaquizou na igrexa.
- 7.- Calidade de solemne.
- 8.- Instrumento usado para levantar o botafumeiro.
- 9.- Resina aromática que se queima no incensario.
- 10.- Elemento que se usa na xoiería como metal precioso.
- 11.- Aliaxe de cobre e zinc en diferentes proporcións.

1.- TIRABOLEIROS 2.- MAROMA 3.- CATALINA 4.- GALES 5.- FERRO 6.- LUME
7.- SOLEMNIDADE 8.- POLEA 9.- INCENSO 10.- PRATA 11.- LATÓN

6.- Le atentamente o texto, segue as pistas e averigua quen é o culpable de manipular o botafumeiro.

QUEN MANIPULOU O BOTAFUMEIRO?

O bispo sospeitaba que o incidente do botafumerio puido ser ocasionado por unha sabotaxe. Para asegurarse, encargoulle a un sancristán que investigara o sucedido. O sancristán, que era algo chafalleiro, entrevistou a varias persoas e fíxolle o seguinte informe ao bispo:

«Antes da misa foron vistas tres persoas cerca do botafumeiro: un monxe, unha peregrina e un crego. Cada un estivo un cacho co botafumeiro. Un deles é culpable da sabotaxe do botafumeiro».

PISTAS

O crego comprobou o botafumeiro despois de que alguén de estatura media estivera cerca del. O botafumeiro estaba ben.

A persoa máis baixa acusou á peregrina de ser a sabotadora.

Unha testemuña viu ao monxe achegarse ao botafumeiro despois de que unha persoa alta estivese cerca del.

A peregrina é máis baixa que o crego.

O segundo en estar só co botafumeiro é inocente.

Enche a seguinte táboa para averiguar cal foi o sabotador.

MOMENTO CERCA DO BOTAFUMEIRO	SOSPEITOSO	ESTATURA	CULPABLE ou INOCENTE?
PRIMEIRO			
SEGUNDO			
TERCEIRO			

CULPABLE	BAIXA	MONXE	TERCEIRO
INOCENTE	ALTA	CREGO	SEGUNDO
INOCENTE	ESTATURA MEDIA	PEREGRINA	PRIMEIRO
CULPABLE OU INOCENTE?	ESTATURA	SOSPEITOSO	MOMENTO CERCA DO BOTAFUMEIRO

A SANTA CRUZ DE ARANGA

ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS

A cruz que dá lugar á romaría estaba agochada, enterrada, e no lugar onde se descubriu brotou unha fonte, que continuou manando. Está situada á esquerda do río. José María Luengo y Martínez refire que as augas desa fonte son reputadas como milagreiras polo feito de brotaren no intre do descubrimento da cruz naquel lugar:

«Atribúeselles a virtude de afuxentar as invasións de insectos daniños nos campos e cultivos, se se orballan con elas...».



Como xa dixemos, a festa celébrase o día 3 de maio, que se corresponde coa Exaltación da Santa Cruz. E aínda hai outra festa máis o primeiro domingo despois do 3, chamada a «festa pequena». Os romeiros lávanse e beben, pero ademais levan botellas de auga para abenzoar xente, gando e leiras.

A principal devoción é para as doenzas do gando e os froitos. Trátase dunha romaría de tipo agrícola, na que se traen e levan froitos de sementeira.

Abundan os exvotos, como se indicou, e despois dos actos relixiosos celébrase a foliada da mocidade. A importancia dos intercambios de froitos é moi grande, por tratarse dunha comarca de boas terras de produción de centeo, avea, patacas, froitas e gando, pola calidade dos prados.

Por ser santuario emprazado na Serra do Raño, onde se atopa o pico de Vales, de cerca de 700 metros de altura, a cantiga popular ten presente algúns dos seus moradores:

*Alta serriña do Raño
ten moitas silvas e penas
onde o lobo fai o cocho
e os buxatos barran nelas.*

ACTIVIDADES

1.- Que había agochado onde brotou a fonte da Santa Cruz?

2.- Onde está situada?

3.- Que virtude din que teñen as súas augas?

4.- Que investigador dixo que as augas desta fonte eran milagreiras?

5.- Que día é a festa da Santa Cruz?

6.- Que fan os romeiros na festa?

7.- Que se celebra despois dos actos relixiosos?

8.- Que produtos agrícolas hai nesa comarca?

9.- Que é «a festa pequena»?

10.- Que versos riman e que tipo de rima teñen?

11.- A palabra foliada ten moitos sinónimos. Atopa e arrodea no recadro a palabra intrusa. Un dato: ten sete letras, comeza por F e remata por O.

**RUADA ESMORGA RIOLA FOLÍOLO TROULA FESTA
FOLÍA CHOLA ALGUEIRADA CARALLADA**



12.- Completa con información do texto.


A romaría recibe o nome da... _____

Celébrase o día... _____

É unha romaría de tipo... _____

O santuario está... _____

13.- Aranga é un concello da bisbarra de Betanzos, que é a vila que lle dá nome. Ordena alfabeticamente as localidades desta bisbarra.

COIRÓS	IRIXOA	PADERNE
VILASANTAR		OZA-CESURAS
ARANGA	VILARMAIOR	
MIÑO	BETANZOS	CURTIS

1º ▶	_____	6º ▶	_____
2º ▶	_____	7º ▶	_____
3º ▶	_____	8º ▶	_____
4º ▶	_____	9º ▶	_____
5º ▶	_____	10º ▶	_____

14.- Merquei unha leira preto da fonte de Aranga e prantei patacas. Reco-llín cen quilos de patacas, pero dous estaban estragados. Vendín cada quilo a 1,35 euros. Canto gañei coa venda?




15.- O romeiro Brais levou á fonte tres botellas para enchelas de auga. Unha botella era de dous litros, outra de $\frac{3}{4}$ de litro e outra de medio litro. Calcula cantos hectolitros levaba en total.



16.- A maior parte da dieta dos seres humanos provén das gramíneas. Atopa nesta sopa de letras algunhas delas. Dúas aparecen no texto.

TRIGO
ARROZ
CEBADA
CENTEO
MILLO
AVEA



T	A	V	E	A	M	N
R	R	X	Z	V	I	M
I	R	I	T	R	L	O
G	O	A	B	V	L	H
O	Z	M	D	S	O	D
C	E	B	A	D	A	X
S	C	E	N	T	E	O

17.- Unha serra é unha formación constituída por varias montañas aliñadas. No texto aparece o Pico de Vales, de 686 metros de altura. Este Pico atópase na Sera da Loba, localizada entre as provincias da Coruña e Lugo. Serías quen de ordenar as letras para atopar o nome das serras galegas?

AS SERRAS GALEGAS



SEPTENTRIONAIS	ORIENTAIS e SURORIENTAIS	CENTRAIS
<p>SERRA da</p> <p>C p l d a e a a</p> <p> </p> <p> </p>	<p>SERRA dos</p> <p>n c r A a e s</p> <p> </p> <p> </p>	<p>SERRA da</p> <p>b L a o</p> <p> </p> <p> </p>
<p>SERRA do</p> <p>r t s X l i a</p> <p> </p> <p> </p>	<p>SERRA do</p> <p>u r o C e l</p> <p> </p> <p> </p>	<p>SERRA do</p> <p>F r a o</p> <p> </p> <p> </p>
<p>SERRA DA CAPELADA SERRA DO XISTRAL SERRA DOS ANCARES SERRA DO COUREL SERRA SO XURÉS SERRA DA LOBA SERRA DO FARO SERRA DO SUIDO</p>	<p>SERRA do</p> <p>é s X u r</p> <p> </p> <p> </p>	<p>SERRA do</p> <p>d u i S o</p> <p> </p> <p> </p>

E agora escribe uns versos semellantes para outra serra diferente.

*Alta serra do Raño
ten moitas silvas e penas
onde o lobo fai o cocho
e os buxatos barran nelas.*

*Alta serraña... _____
ten... _____
onde... _____
e... _____*

18.- Coloca cada palabra onde corresponda.

ROMARÍA FESTA CANTIGA ROMEIRO



Festa popular en que a xente acude a un santuario por motivos relixiosos e, ao mesmo tempo, divírtese.

Diversión festiva na que participa un grupo de persoas.

Persoa que vai a unha festa que se celebra por motivos relixiosos.

Composición en verso á que se lle pon música para ser cantada.

19.- O río situado ao carón da fonte da Santa Cruz de Aranga é o río Mandeo, na páxina web www.riomandeo.com podes descubrir moita información interesante. Investiga nela e completa.

Onde nace o río Mandeo?

En que concello?

A canta altitude?

Como está catalogado o tramo inferior do Mandeo? En que Rede?
